
CONFUNDINDO HISTORIAS

Texto de GIANNI RODARI

Ilustracións de ALESSANDRO SANNA

Tradución de G. TOLENTINO

Encadernado en cartón. 22 x 30 cm. 40 páx. 15 €.

PROGRAMA NACIONAL DE LECTURA (SEP México) 2008

PLAN NACIONAL DE LECTURA (PNL Portugal)

Confundindo historias (galego)

ISBN 978-84-8464-503-0. Tras os montes.

Confundiendo historias (castelán)

ISBN 978-84-933759-3-5. Clásicos contemporáneos.

Un conte embolcat (catalán)

ISBN 978-84-8464-906-9. Clássics contemporanis.

Ipulnak nahasten! (éuscaro)

ISBN 978-84-9172-011-9. Gaur egungo klasikoak.

Baralhando histórias (portugués)

ISBN 978-972-8781-74-3. Clássicos contemporâneos.

-Había unha vez una nena chamada Carapuchiña Amarela.

-Non, Vermella.

-Iso, Carapuchiña Vermella.

-A súa nai chamouna e díxolle: "Oes, Carapuchiña Verde..."


El avó interrompe a plácida lectura do xornal para contarlle á neta unha historia que, non por máis clásica, lle resulta menos difícil de narrar. Descoñecemento? En absoluto! O ancián consegue que sexa a pequena a que realmente reproduza o conto a base de corrixir os gazapos que deliberadamente comete o avó porque, *confundindo historias* é como o enredo se converte nun proveitoso recurso expresivo. Esta peculiar visión de Carapuchiña, ideal para ser contada, é un xogo de humor para o lector e, para os contadores de contos, toda unha lección -útil e sinxela- sobre como sentir a emoción vibrante do público infantil, como lanzarlle un irresistible anzó ante o voraz apetito da súa imaxinación, que o manteña coa atención alerta.

— DE ACORDO, Á NENA FOI POLO BOSQUE
E ATOPOU UNHA NINFA.



www. **Kalandraka** .com

comunicacion@kalandraka.com



-
- **Temática:** revisión do clásico de Carapuchiña.
 - **Idade recomendada:** a partir de 5 anos.
 - **Aspectos destacables:** formato dialogado, proposta estética con collage; do autor de "Inventando números", "Contos por teléfono" e "Gramática da fantasía"; do ilustrador de "Inventando números"; creatividade, fomentar a participación do lector na narración do conto.
-

Gianni Rodari

(Omegna, 1920 - Roma, 1980)

O gran renovador da Literatura Infantil e Xuvenil foi político, xornalista, pedagogo e escritor; nesta última faceta logrou o Premio Andersen en 1970. Graduouse en Maxisterio e traballou impartindo clases particulares. Polo seu vínculo co Partido Comunista Italiano colaborou con varios xornais; dirixiu L'Ordine Nuovo e, trala súa incorporación a L'Unitá, comezou a cultivar a súa paixón pola literatura infantil: "O planeta das árbores", "Contos longos como un sorriso", "As aventuras de Cipollino", "O libro das retahílas"... Algunhas das súas obras mestras son "Contos por teléfono", "Contos a máquina" e "Contos para xogar": pensáronse para versionar a literatura tradicional, demostrar que a brevidade tamén pode ser sinónimo de boas historias, e permitir que o lector poida escoller o final do conto.
<http://www.giannirodari.it>

Alessandro Sanna

(Nogara, Italia, 1975)

Pintor e ilustrador. Graduado en Arte Aplicada polo Instituto de Arte de Castelmassa (Roma), ampliou a súa formación no Instituto Palladio de Verona. Actualmente é profesor de ilustración na Facultade de Belas Artes de Boloña. Dedicase a ilustrar libros infantís e xuvenís dende 1996; participou en diversas exposicións de pintura. Gañou a Mención Especial en 1999 e 2001 no Concurso Internacional de Ilustración Cidade de Chioggia. Foi finalista do Premio Hans Christian Andersen 2016.
<http://www.alessandrosanna.com>